



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 · 15613 A CAPELA (A Coruña)
Teléf.: 981 45 90 06 · Fax: 981 45 93 71
C. Elec.: correo@concellodacapela.es · wwwconcellodacapela.es

BORRADOR CERTIFICADO DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA ONCE DE XULLO DE DOUS MIL DEZÁSEIS.

ASISTENTES:

Presidente:

D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ

CONCELLEIROS:

D. ANTONIO RODRÍGUEZ MEIZOSO

D.^a MARÍA IBERA TEIJEIRO
SANJUÁN

D. EMILIO RIOBÓ PIÑÓN

D.^a LAURA PIÑEIRO MONTES

D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ

D. MARCOS RODRÍGUEZ CALVO

D. DAVID RODRÍGUEZ SANMARTÍN

D. SANTIAGO MEIZOSO PERMUY

No Salón de sesión desta Casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña, ás doce horas do día once de xullo de dous mil dezáseis, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Meizoso López, reúnen-se os Sres. /Sras. Concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do Secretario da Corporación, coa finalidade de realizar a sesión convocada para o día de hoxe.

SECRETARIO:

D. JOSÉ ANTONIO MEIZOSO PAZ

1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 30 DE XUÑO DE 2016. ACORDO QUE PROCEDA.

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres./Sras. Concelleiros/as asistentes á sesión se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data trinta de xuño de dous mil dezáseis.

Non se formulando ningún tipo de alegación ou observación, o Pleno Municipal, e por unanimidade dos asistentes á sesión acorda aprobar a acta da sesión anterior.

2. PLAN PROVINCIAL DE MEDIO AMBIENTE 2016 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA. INCLUSIÓN DE OBRA. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta ao Pleno da Corporación das Bases que regula o Plan Provincial de Medio Ambiente 2016 que lle outorga o Concello da Capela a cantidade de 67.694,03€.

Polo equipo de goberno avaliáronse distintos proxectos e optouse por facer proposta ao Pleno do Concello da obra denominada “Mellora do saneamento en Vilar De Mouros”, que contempla unha nova rede de sumidoiro, un pozo de bombeo, así como a retirada da vella depuradora que xa non funcionaba correctamente.

Dí o Sr. Alcalde-Presidente que con estas obras, o saneamento en Vilar De Mouros, queda en perfeitas condicións.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo dise que o seu grupo está de acordo coa obra proposta para o Plan de Medio Ambiente da Deputación Provincial 2016, e que de feito o seu Grupo Municipal, xa solicitara facer noutras ocasións, polo tanto era xa hora de darlle solución.

Dí o Sr. Alcalde-Presidente que a obra xa se tentou facer no mandato municipal anterior, pero que o particular que tiña que autorizar a retirada da depuradora non o fixo nese momento.

Polo voceiro do Grupo Mixto – PP, D. Santiago Meizoso Permy, manifestase no sentido de que non hai nada que dicir á obra proposta polo Sr. Alcalde-Presidente e que en todo caso pregunta qué procedementos empregará para a adxudicación no seu día desta obra.

Respóstalle o Sr. Alcalde-Presidente que se empregará o Procedemento aberto coa intervención da Mesa de Contratación.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos Sres. /Sras. Concelleiros/as asistentes á sesión, adopta o seguinte acordo:

1. Aprobar o Plan provincial de medio ambiente (PMA) 2016, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras e

subministracións que o Concello ten previsto realizar, ou a dedicación a actividades relacionadas co medio ambiente, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras e subministracións:

Denominación da obra ou suministro	Deputación	Concello	Presuposto total
"Mellora do saneamento en Vilar de Mouros	67.694,03 €	0	67.694,03 €
Subtotal obras/subministracións	67.694,03 €	0	67.694,03 €

2. Aprobar os proxectos das obras ou pregos das subministracións incluídos na anualidade 2016 e que se relacionan nesta táboa

B) Financiamento de actividades:

Detalle das actividades a realizar	Deputación	Concello	Presuposto total
-----	-----	-----	-----
Subtotal actividades	-----	-----	-----

C) Resumo:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
Subtotal obras/subministracións	67.694,03 €	0	67.694,03 €
Subtotal actividades	-----	-----	-----
TOTAL	67.694,03 €	0	67.694,03 €

3. Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que conta coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias ou que xa as solicitou antes do remate do prazo de presentación da solicitude deste Plan, xuntando os correspondentes documentos.

4. Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2016 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras, subministros e actividades incluídas no PMA.

5. Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6. Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administración públicas para o financiamento do investimento ou actividade e, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administración para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7. Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8. Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as doce horas cinco minutos, de todo o cal eu, Secretario dou fe, todo elo coas reservas o artigo 206 do ROF.

O Alcalde-Presidente,

Manuel Meizoso Lopez

O Secretario,

José Antonio Meizoso Paz.